



CONCELLO DE PONTECESURES

B A N D O

MARÍA ISABEL CASTRO BARREIRO, ALCALDESA EN FUNCIONS DO CONCELLO DE PONTECESURES

FAI SABER:

Que en cumprimento coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, lémbrese **ÓS/ÁS PROPIETARIOS/AS QUE ESTÁN OBRIGADOS/AS a manter as súas parcelas, así como as vías e camiños, limpas de maleza e coa masa arbórea rareada.**

Será **obligatorio** para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha franja de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasoleiras e parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Ademais, dentro desa franxa de protección de 50 metros **NON** poderán atoparse as especies sinaladas na disposición adicional terceira da citada lei: **piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixa, piorno ou carrasca (queiruga).**

Infórmase tamén que neste concello existe unha Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público, onde o seu artigo 39 sinala que as sancións por incumprimento serán:

- As que teñan as consideracións de leves, multa de ata 750 €
- As que teñan as consideracións de graves, multa de ata 1.500 €
- As que teñan as consideracións de moi graves, multa de ata 3.000 €

Debido os reiterados incumprimentos por parte da maioría dos propietarios/as avisados/as, a partires de 15 días naturais dende a data deste bando, a todos/as propietarios/as que non teñan en condicións as súas parcelas non se lles fará ningún requirimento e se lles incoará directamente un expediente sancionador.

Faise constar que no caso de que haxa calquera incidente por non cumprir esta normativa, os responsables serán os/as propietarios/as das parcelas.

No caso de alarma de incendio forestal débese chamar ao teléfono **085**. Se a liña estivese ocupada pódese chamar ao teléfono **112**. E para dar alarma de actividade incendiaria chamar á Garda Civil ao teléfono **062**.

PONTECESURES, 13 DE XULLO DE 2022

(Documento asinado dixitalmente)

